

COFFEE AND CIGARETTES

Jim Jarmusch, 2003

ESTREA EN NUMAX: 03.01.2026 | V.O.S.E. | 96 min

En 1993, unha curta de Jarmusch titulada “Coffee and Cigarettes” recibiu a Palma de Ouro. Once anos despois ródase co mesmo título un conxunto de episodios curtos, con personaxes tomando café, fumando cigarrillos e discutindo sobre diversos temas da vida.

«A complicidade entre os actores flota no ambiente e contáxiase ao espectador sen prexuízos»

Francisco Marinero, EL MUNDO



1659

COFFEE AND CIGARETTES

Jim Jarmusch, 2003

ESTREA EN NUMAX: 03.01.2026 | V.O.S.E. | 96 min

En 1993, unha curta de Jarmusch titulada “Coffee and Cigarettes” recibiu a Palma de Ouro. Once anos despois ródase co mesmo título un conxunto de episodios curtos, con personaxes tomando café, fumando cigarrillos e discutindo sobre diversos temas da vida.

«A complicidade entre os actores flota no ambiente e contáxiase ao espectador sen prexuízos»

Francisco Marinero, EL MUNDO



1659

COFFEE AND CIGARETTES

Jim Jarmusch, 2003



Jarmusch ao seu aire

Por Jordi Codó

Talvez sexa excesivo dicir, como se adoita facer, que Jim Jarmusch é o máis independente dos cineastas americanos, sen ter en conta a obra doutros autores como Hal Hartley. Pero esta matización non quita que Jarmusch fai o cinema que lle peta. Agora con *Coffee and cigarettes* regresou ao seu cinema máis característico, aínda que se temos en conta que este é un proxecto que nace hai dezasete anos, non podemos dicir que sexa exactamente unha volta atrás. “*Coffee and Cigarettes* é unha serie de pequenas historias estruturadas como unha película ou viceversa”, di o cineasta de Ohio.

Usando termos musicais diríamos que sobre esta melodía se aplican distintas variacións, como os diversos temas de conversa, que tratan sobre as visitas ao dentista, os inventos de Nikola Tesla, a medicina tradicional, ou sobre nada en absoluto. Este proxecto tivo o seu xerme durante a rodaxe de *Baixo o peso da lei* (1986). Para que o equipo se relaxase filmouse o que agora é o primeiro dos episodios de *Coffee and Cigarettes*, no que vemos a Roberto Benigni e Steven Wright mantendo unha conversa absurda que termina con Benigni decidindo ir ao dentista en lugar do seu compañeiro. Máis tarde realizaríanse outras dúas curtametraxes, a nomeada *Coffee and Cigarettes: Memphis Version*, con Steve Buscemi, Cinqué Lee e Joie Lee, e *Somewhere in California* con Iggy Pop e Tom Waits, que agora conforman o segundo e terceiro episodios da nova película. A pesar disto non debe verse a película que agora se nos presenta como unha simple sucesión de gags filmados azarosamente xa que asistimos a unha obra con sentido unitario.

Esta unidade vénlle conferida desde unha dobre vertente. Por unha banda, atopamos un tema común, que é ademais recorrente na obra do director: a incomunicación. En *Coffee and Cigarettes* os personaxes non parecen sentirse moi cómodos coa compañía ou a conversa. Non todos estes momentos funcionan da mesma maneira; mentres que nalgúns hai a intención de desenvolver unha historia completa con sentido, noutros dá a impresión de que simplemente se chantou a cámara nun lugar á espera de acontecementos. Ás veces un pode ter a sensación de que non sabe que é o que tentan explicarlle. A resposta talvez debamos buscala no particular estilo cinematográfico de Jarmusch, que serve para dar a sensación de que todas as situacións teñen lugar nunha mesma contorna, aínda que en realidade sucedan en lugares moi distintos. Tense escrito que Jarmusch practica o “relato de en medio”, é dicir, que pon a énfase non naqueles momentos de acción que para o relato tradicional son tan importantes porque fan avanzar a historia, senón naqueles que ocorren no medio, en situacións aparentemente baleiras como unha conversa pouco apaixonante. Este ton, melancólico e apático, pero á vez tranquilo e reflexivo, é en boa medida a historia que Jarmusch quere contarnos, e conségueno tamén a través da posta en escena, neste caso cos toques tristes da fotografía e a banda sonora, realizadas por varios dos seus amigos e colaboradores habituais, pero servindo sempre a un mesmo fin.

Finalmente, *Coffee and Cigarettes* é unha película que se explica a partir da obra previa do seu director. As referencias que un pode atopar á súa anterior filmografía son constantes, desde o uso do branco e negro, os músicos, o personaxe de Roberto Benigni, ou a teoría fantástica sobre Elvis que espeta Steve Buscemi.

Publicado en encadenados.org



COFFEE AND CIGARETTES

Jim Jarmusch, 2003



Jarmusch ao seu aire

Por Jordi Codó

Talvez sexa excesivo dicir, como se adoita facer, que Jim Jarmusch é o máis independente dos cineastas americanos, sen ter en conta a obra doutros autores como Hal Hartley. Pero esta matización non quita que Jarmusch fai o cinema que lle peta. Agora con *Coffee and cigarettes* regresou ao seu cinema máis característico, aínda que se temos en conta que este é un proxecto que nace hai dezasete anos, non podemos dicir que sexa exactamente unha volta atrás. “*Coffee and Cigarettes* é unha serie de pequenas historias estruturadas como unha película ou viceversa”, di o cineasta de Ohio.

Usando termos musicais diríamos que sobre esta melodía se aplican distintas variacións, como os diversos temas de conversa, que tratan sobre as visitas ao dentista, os inventos de Nikola Tesla, a medicina tradicional, ou sobre nada en absoluto. Este proxecto tivo o seu xerme durante a rodaxe de *Baixo o peso da lei* (1986). Para que o equipo se relaxase filmouse o que agora é o primeiro dos episodios de *Coffee and Cigarettes*, no que vemos a Roberto Benigni e Steven Wright mantendo unha conversa absurda que termina con Benigni decidindo ir ao dentista en lugar do seu compañeiro. Máis tarde realizaríanse outras dúas curtametraxes, a nomeada *Coffee and Cigarettes: Memphis Version*, con Steve Buscemi, Cinqué Lee e Joie Lee, e *Somewhere in California* con Iggy Pop e Tom Waits, que agora conforman o segundo e terceiro episodios da nova película. A pesar disto non debe verse a película que agora se nos presenta como unha simple sucesión de gags filmados azarosamente xa que asistimos a unha obra con sentido unitario.

Esta unidade vénlle conferida desde unha dobre vertente. Por unha banda, atopamos un tema común, que é ademais recorrente na obra do director: a incomunicación. En *Coffee and Cigarettes* os personaxes non parecen sentirse moi cómodos coa compañía ou a conversa. Non todos estes momentos funcionan da mesma maneira; mentres que nalgúns hai a intención de desenvolver unha historia completa con sentido, noutros dá a impresión de que simplemente se chantou a cámara nun lugar á espera de acontecementos. Ás veces un pode ter a sensación de que non sabe que é o que tentan explicarlle. A resposta talvez debamos buscala no particular estilo cinematográfico de Jarmusch, que serve para dar a sensación de que todas as situacións teñen lugar nunha mesma contorna, aínda que en realidade sucedan en lugares moi distintos. Tense escrito que Jarmusch practica o “relato de en medio”, é dicir, que pon a énfase non naqueles momentos de acción que para o relato tradicional son tan importantes porque fan avanzar a historia, senón naqueles que ocorren no medio, en situacións aparentemente baleiras como unha conversa pouco apaixonante. Este ton, melancólico e apático, pero á vez tranquilo e reflexivo, é en boa medida a historia que Jarmusch quere contarnos, e conségueno tamén a través da posta en escena, neste caso cos toques tristes da fotografía e a banda sonora, realizadas por varios dos seus amigos e colaboradores habituais, pero servindo sempre a un mesmo fin.

Finalmente, *Coffee and Cigarettes* é unha película que se explica a partir da obra previa do seu director. As referencias que un pode atopar á súa anterior filmografía son constantes, desde o uso do branco e negro, os músicos, o personaxe de Roberto Benigni, ou a teoría fantástica sobre Elvis que espeta Steve Buscemi.

Publicado en encadenados.org

